

CONDICIÓN Xerais DE COMPRA POR PARTE DE IKEA DE ARTIGOS DE SEGUNDA MAN

O presente documento rexe os Termos e as Condicións Xerais aplicables en calquera compra de artigos de segunda man que sexan propiedade dun particular (en diante, o "VENDEDOR") por parte de "IKEA IBÉRICA S. A.", con CIF A-28812618 e con domicilio en Avenida Matapiñonera 9, código postal 28703 de San Sebastián de los Reyes, Madrid (en diante, "IKEA" ou o "COMPRADOR"). IKEA é o titular do micrositio no que se ofrece o servizo rexido polas presentes condicións.

O servizo de compra de artigos IKEA de segunda man por parte de IKEA está rexido por termos e condicións recollidos en varios documentos. Para estes efectos, son unha parte integrante e inseparable dos presentes termos e condicións todos aqueles documentos que, no seu caso, acorden e formalicen as Partes en relación coa compravenda de artigos IKEA de segunda man. O VENDEDOR declara que dispón da capacidade legal necesaria e suficiente para utilizar este servizo conforme ás Condicións Xerais aquí enunciadas, que comprende, entende e acepta na súa totalidade. Do mesmo xeito, consente a vinculación a estas Condicións Xerais e ás Condicións de Uso, á Política de Privacidade e á Política de Cookies.

IKEA poderá, en todo momento e sen aviso previo, modificar as presentes Condicións Xerais de Compra de artigos de segunda man, así como as Condicións de Uso, a Política de Privacidade e a Política de Cookies, mediante a publicación destas modificacións na propia páxina web de IKEA, á fin de facelas coñecidas. O VENDEDOR deberá, pois, lelas con atención cada vez que acceda á web de IKEA. O VENDEDOR acepta que se aplicarán as Condicións Xerais de Compra de artigos de segunda man, as Condicións de Uso, a Política de Privacidade e a Política de Cookies que estean dispoñibles neste sitio web en cada momento, e que a aceptación destas será sempre un paso previo e indispensable para empregar este servizo. IKEA exclúe toda responsabilidade polos danos e prexuízos de calquera natureza derivados do exercicio desta facultade. Podes consultar as Condicións de Uso, a Política de Privacidade e a Política de Cookies nas seguintes ligazóns:

<https://www.ikea.com/es/es/customer-service/terms-conditions/terminos-condiciones-webpub417ec831> <https://www.ikea.com/es/es/customer-service/privacy-policy/>

ÁMBITO DE APLICACIÓN: Este servizo só está dispoñible para particulares, e, polo tanto, estas condicións só se aplican ás persoas que cumpran esa condición. En todo caso están excluídas as empresas e os profesionais autónomos, así como calquera outra entidade de dereito público ou privada. O VENDEDOR declara que non se emitiu ningunha factura sobre os produtos ofertados pola súa compra.

ÁMBITO XEOGRÁFICO: Os VENDEDORES poderán realizar unha valoración previa, e non vinculante para IKEA, da venda dos seus artigos IKEA no micrositio ao que se pode acceder a través da seguinte ligazón:

<https://www.ikea.com/es/es/customer-service/services/buy-back-resell/>

As presentes condicións son exclusivamente aplicables no territorio nacional peninsular; polo tanto, quedan excluídas as Illas Canarias e as Illas Baleares, e Ceuta e Melilla. Así mesmo, a entrega presencial do artigo IKEA obxecto da compra nun establecemento físico realizarase única e exclusivamente nos establecementos IKEA do territorio nacional peninsular, que figuran sempre no micrositio ao que se accede a través da seguinte ligazón:

<https://www.ikea.com/es/es/customer-service/services/buy-back-resell/compramos-tusmuebles-usados-pub8705f470>

IDENTIFICACIÓN, DECLARACIÓN E GARANTÍAS DO VENDEDOR SOBRE OS PRODUTOS PROPOSTOS PARA A VENDA: O VENDEDOR garante o seguinte:

- A información requirida e referida ao VENDEDOR, e proporcionada por este, é auténtica, precisa, propia, actual e completa en todos os aspectos.
- Notificarase a IKEA de calquera cambio na información persoal.
- Non se suplantarán ningunha outra persoa ou entidade, nin se empregará un nome falso, nin un nome ou correo electrónico alleos.

O VENDEDOR declara, baixo a súa responsabilidade: (i) que os produtos relacionados son da súa propiedade; (ii) que os adquiriu en lícito comercio en España; (iii) ou os importou conforme coas leis españolas; (iv) que ten a libre disposición destes e pode allealos; (v) que os produtos son orixinais, de modo que non constitúen ningunha falsificación, duplicación, copia nin imitación do produto orixinal, e que, en consecuencia, non vulneran ningunha disposición da normativa en materia de propiedade industrial e intelectual aplicable; (vi) que están libres de cargas e gravames; (vii) que non están afectados por ningunha traba ou embargamento; e (viii) que os devanditos produtos non foron adquiridos anteriormente na área de oportunidades de IKEA (Mercado circular ou Circular Hub).

OFERTA DE PRODUTOS IKEA DE SEGUNDA MAN: O VENDEDOR deberá acceder ao portal <https://www.ikea.com/es/es/customer-service/services/buy-back-resell/compramos-tusmuebles-usados-pub8705f470> e realizar unha valoración previa do valor actual dos artigos IKEA que pretende vender, en función do seu estado, para poder ofertar a IKEA os seus artigos de segunda man.

No micrositio citado poderán poñerse á venda por parte do VENDEDOR determinados modelos de mobles de caixóns, cómodas, mesas, cadeiras, vitrinas, escritorios, estantes e armarios IKEA. O VENDEDOR terá que seleccionar o artigo que quere vender dentro da variedade dispoñible e especificada para tal efecto por IKEA. O VENDEDOR non poderá ofertar para a súa venda ningún produto que non se atope entre os modelos de produtos que IKEA indica no micrositio preparado para este servizo.

Seguidamente, o VENDEDOR marcará o estado do artigo, que poderá elixir entre estas tres opcións: i) Coma novo (sen marcas de uso), ii) En bo estado (pequenas rabuñaduras) ou iii) Desgastado (con rabuñaduras). O VENDEDOR non poderá ofertar para a súa venda ningún artigo que se atope nun estado peor dos tres dispoñibles, conque, se o artigo ten danos peores que as rabuñaduras ou marcas de uso, non se poderá ofertar para a súa venda a IKEA en ningún caso.

O VENDEDOR pode ofrecer para a súa venda e, por tanto, simular a valoración de tantos artigos como queira vender a IKEA sen limitación de cantidade. Porén, o VENDEDOR debe saber que se formalizará un contrato de compravenda correspondente a cada artigo, que será individual para cada produto asociado.

A valoración simulada, que se realiza no citado micrositio habilitado para que o VENDEDOR faga a súa oferta de produtos IKEA de segunda man a IKEA para a súa compra, calcúlase a partir dos datos proporcionados polo VENDEDOR. En consecuencia, infórmase ao VENDEDOR de que o resultado da valoración que se amosa no micrositio non é, en ningún caso, vinculante para IKEA no que atange á compra do produto nin ao seu prezo. A valoración realizada mediante este procedemento non é máis que unha simulación sen carácter vinculante para IKEA, de xeito que IKEA queda facultado para realizar a valoración do artigo en cuestión no establecemento físico de IKEA correspondente, de acordo co disposto no seguinte apartado:

VALORACIÓN FÍSICA DOS ARTIGOS POR PARTE DE IKEA E DETERMINACIÓN DO PREZO: Tras realizar a valoración do artigo IKEA no micrositio, o VENDEDOR desprazarase á área de Atención ao cliente dun establecemento físico de IKEA, de acordo co disposto no apartado "ÁMBITO XEOGRÁFICO" das presentes condicións, para que IKEA poida verificar a oferta realizada polo VENDEDOR, valorar o ben e formalizar, no seu caso, o correspondente contrato de compravenda, que sempre estará supeditado á verificación física e a valoración final do produto por parte de IKEA.

O VENDEDOR debe desprazarse a un establecemento físico de IKEA nun prazo máximo de 15 días naturais, que empeza a contar dende o mesmo día en que se realiza a valoración do artigo no micrositio. Despois deste prazo, se o VENDEDOR non se desprazou a un establecemento IKEA, terá que realizar unha nova valoración no micrositio. No caso de que o VENDEDOR se acerque a un establecemento IKEA fóra do prazo establecido, IKEA poderá rexeitar a compra do artigo en cuestión.

O VENDEDOR garante que o artigo obxecto da oferta foi adquirido de xeito legal en IKEA e que o produto non foi modificado de ningunha maneira, de modo que as súas características coinciden coas do orixinal. En consecuencia, IKEA resérvase, así mesmo, o dereito de admisión de calquera artigo en caso de sospeita de fraude. De maneira expresa, quedan excluídos do presente servizo os artigos que fosen adquiridos anteriormente, xa sexa polo VENDEDOR ou por calquera outra persoa física ou xurídica, na área de oportunidades de IKEA (Mercado circular ou Circular Hub). Así mesmo, quedan excluídos do presente servizo os produtos incompletos ou calquera elemento funxible, así como pezas, compoñentes ou accesorios que non constitúan un produto de seu e de forma independente, como bisagras, portas, frontes de caixón, estruturas de mesa, andeis ou similares.

Os artigos teñen que estar completamente montados, en boas condicións e limpos, e non deben supoñer ningún perigo para as persoas (por exemplo, a título enunciativo e non limitativo, presentar problemas de estabilidade, compoñentes de vidro rotos, desgaste de pezas, rañuras ou danos, perda da pintura orixinal, crebaduras nalgunha parte do produto, sucidade, etc.). Ao mesmo tempo, os artigos deberán dispoñer da etiqueta adhesiva IKEA orixinal que se atopa, de xeito habitual, no interior ou debaixo do produto IKEA. O seu formato incorpórase, con carácter exemplificativo, a continuación:



Así mesmo, os artigos deben ter sido utilizados única e exclusivamente nun ámbito doméstico, e rexeitaranse todas as ofertas de produtos que teñan sido utilizados nun ámbito comercial ou profesional.

IKEA valorará o artigo segundo as posibilidades de revenda que ofrezca e as súas condicións actuais, en cumprimento dos requirimentos esixidos nas presentes condicións, e asignará, no seu caso, un prezo final ao artigo que se comunicará ao VENDEDOR no momento. IKEA non admitirá ningunha modificación do prezo por parte do VENDEDOR. A aceptación do prezo ofertado producirase no momento en que se materialice a entrega do artigo. O prezo final do produto pode non coincidir co prezo de mercado dos artigos nese momento nin co prezo polo que foi adquirido orixinalmente polo VENDEDOR, xa que son artigos de segunda man que sufriron unha depreciación polo uso e o desgaste.

Os custos de desprazamento ao establecemento físico para a valoración e, no seu caso, a compra do artigo por parte de IKEA serán á conta do VENDEDOR. IKEA non será responsable de ningún proceso de transporte, carga e descarga dos produtos que o VENDEDOR ofrezca a IKEA, nin dos custos en que poida incurrir o cliente, polo que a transacción queda supeditada, en todos os casos, ao cumprimento das presentes condicións e á verificación final que efectúe o establecemento unha vez que se produza a entrega física de cada produto.

O VENDEDOR, á súa conta e baixo a súa responsabilidade, farase cargo do transporte dos artigos que teñan sido comprobados no establecemento IKEA e que teñan sido rexeitados. Se o VENDEDOR decide abandonar o artigo na tenda despois de que sexa rexeitado, IKEA asumirá a súa propiedade no momento en que o VENDEDOR abandone o establecemento IKEA, o cal non implicará que se compense de ningún xeito ao VENDEDOR e outorgará a IKEA o dereito de proceder á súa destrución. En ningún caso o VENDEDOR poderá acudir ao establecemento IKEA con produtos alleos á marca IKEA ou que, de pertencer á marca IKEA, fosen modificados, sexa cal for a natureza da devandita modificación. IKEA non mercará estes artigos en ningún caso.

COMPRAVENDA DO ARTIGO IKEA DE SEGUNDA MAN: En caso de que se admita a venda por parte de IKEA, despois de que o VENDEDOR amose a súa conformidade co prezo asignado, IKEA e o VENDEDOR formalizarán un contrato de compravenda do ben en formato dixital, cuxo modelo proporcionará IKEA no momento. O VENDEDOR deberá proporcionar a IKEA un documento acreditativo da súa identidade (DNI) para a formalización e execución do contrato citado. O VENDEDOR entregará a IKEA o ben, e o prezo acordado será entregado ao VENDEDOR por parte de IKEA nunha tarxeta agasallo IKEA, que poderá retirar co importe ofertado despois da finalización por escrito do contrato de compravenda.

De acordo coa lei 11/2021, do 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, o importe da tarxeta que se entregará ao VENDEDOR en ningún caso poderá ser igual ou superior a 1000€. Polo tanto, o VENDEDOR só poderá vender a IKEA, mediante a formalización dun contrato de compravenda, artigos por un importe máximo de 999€ en total. Así mesmo, infórmase ao VENDEDOR de que non poderá utilizar a tarxeta para facer pagamentos totais nin parciais en compras que iguallen ou superen a cantidade de 1000€.

A perfección da compravenda non afecta de ningún xeito a responsabilidade do VENDEDOR de garantir que o produto obxecto da transacción cumpra cos estándares aplicables e o seu uso non supoña un risco para os consumidores.

ADMISIÓN DOS ARTIGOS OFERTADOS E ENTREGA: En calquera caso, IKEA resérvase o dereito de rexeitar, á súa enteira discreción, aqueles produtos que, unha vez examinados na tenda, non se axusten á descrición da web; non sexan produtos IKEA dos dispostos por IKEA para este servizo; non sexan produtos orixinais ou sufrisen algunha modificación; non se adquirisen legalmente polo VENDEDOR; presenten un grao de desgaste diferente ou superior ao declarado polo VENDEDOR durante o proceso de valoración en liña; non teñan un estado que cumpra cos requirimentos esixidos no momento da súa entrega na tenda; se adquirisen anteriormente na área de oportunidades de IKEA (Mercado Circular ou Circular Hub); estean incompletos ou consistan en elementos funxibles, pezas, compoñentes ou accesorios que non constitúan un produto de seu e de forma independente (como bisagras, portas, frontes de caixón, estruturas de mesa, andeis ou similares); non dispoñan da etiqueta adhesiva IKEA orixinal; incumpran calquera das outras condicións dispostas no presente documento, ou por calquera outra causa. Por tanto, non existe por parte de IKEA ningún compromiso de adquirir os produtos en cuestión. Do mesmo xeito, IKEA resérvase o dereito de rexeitar os artigos sobre os que haxa unha reclamación pendente de resolución contra IKEA ante calquera organismo de Consumo, xunta arbitral, organismo de resolución extraxudicial de conflitos, xulgado ou tribunal. IKEA non admitirá os artigos respecto dos cales teña comunicado aos usuarios calquera incidencia relacionada coa súa venda.

En todos os casos, a decisión de mercar o produto será, en última instancia, de IKEA, en función do produto ofertado, do seu estado ou grao de desgaste, e do cumprimento das demais condicións dispostas no presente documento. En ningún caso o VENDEDOR poderá reclamar a IKEA ningunha cantidade, dano ou prexuízo derivados da decisión final de non mercar o produto por parte de IKEA.

Se un artigo ofertado polo VENDEDOR for rexeitado, non poderá enviarse de novo para ser valorado por IKEA.

CONDICIÓN DE USO DA TARXETA AGASALLO IKEA: Unha vez entregada a Tarxeta Agasallo ao VENDEDOR, IKEA quedará exento de responsabilidade por calquera uso, desgaste, roubo ou extravío. Neste sentido, o VENDEDOR quedará en todo momento suxeito ás condicións de uso da Tarxeta Agasallo previstas na web:

<https://www.ikea.com/es/es/customer-service/ikea-gift-cards-pub4423c690>

A Tarxeta Agasallo permite mercar calquera artigo IKEA á venda en todas as tendas físicas IKEA do territorio peninsular español e en liña, polo que se exclúen as Illas Canarias, as Illas Baleares, Ceuta e Melilla. Así mesmo, pódese usar nos seguintes países:

Australia*	Germany	Portugal
Austria	Hungary	Russia
Belgium	Italy	Slovakia
Canada	Ireland	Spain**
Czech republic	Japan	Sweden
Denmark	Netherlands	Switzerland
Finland	Norway	United Kingdom
France	Poland	USA

* except the stores Adelaide, Perth

**except the stores Lanzarote, Tenerife, Mallorca, Gran Canaria

O VENDEDOR poderá consultar o saldo dispoñible da Tarxeta Agasallo nos países indicados.

O importe desta tarxeta non se pode compensar con saldos pendentes por calquera efecto, incluídas as compras financiadas, nin se pode trocar por efectivo. A Tarxeta Agasallo non se pode recargar.

A Tarxeta Agasallo IKEA ten a consideración de diñeiro en efectivo. A esta Tarxeta Agasallo non lle afecta a Política de Cambios e Devolucións de IKEA, de modo que en ningún caso poderá devolverse, reembolsarse nin trocarse por diñeiro. A Tarxeta Agasallo pode usarse tantas veces como se desexe ata esgotar o importe total polo que se emitiu. Se ao realizar unha compra coa Tarxeta Agasallo o importe da compra excede o saldo dispoñible, a diferenza poderá pagarse a través de calquera forma de pagamento aceptada nas tendas IKEA. Aplicaranse tamén á compra as limitacións aos pagamentos en efectivo establecidas pola normativa vixente que resulte de aplicación en cada momento. No seu caso, o reembolso do importe dos produtos adquiridos coa Tarxeta Agasallo que sexan devoltos efectuarase mediante a emisión dunha nova Tarxeta Agasallo co saldo dispoñible.

A Tarxeta Agasallo é un documento ao portador. A responsabilidade de uso e a custodia da Tarxeta Agasallo corresponden exclusivamente á súa persoa beneficiaria. Non se substituirá a Tarxeta Agasallo nin se devolverá o saldo pendente en caso de roubo, perda, extravío ou desgaste, nin IKEA asumirá a responsabilidade das posibles compras efectuadas.

As Tarxetas Agasallo obtidas orixinalmente de xeito ilícito serán nulas e non poderán utilizarse para mercar bens, e non se reembolsará o seu importe. A Tarxeta non poderá utilizarse con fins publicitarios nin de promoción de produtos ou servizos comercializados por terceiros alleos ao emisor da devandita Tarxeta Agasallo, salvo que se emita unha autorización previa e por escrito por parte de IKEA.

A adquisición ou o uso da Tarxeta Agasallo implican a aceptación íntegra en todo momento destas condicións xerais, dispoñibles nas tendas IKEA e en <https://www.ikea.com/es/es/customer-service/ikea-gift-cards-pub4423c690>

INDEMNIDADE: O VENDEDOR comprométese a defender e manter indemne a IKEA, os seus empregados e os seus axentes de calquera reclamación, acción, demanda ou sanción, incluídos, en particular e sen limitación, danos e prexuízos e honorarios legais resultantes dos produtos entregados no marco do presente servizo ou orixinados por incumprimento por parte do VENDEDOR do disposto no presente documento, ou de calquera outros termos e condicións que regulan este servizo.

O VENDEDOR faise responsable ante IKEA de calquera prexuízo ou custo que tivese que admitir por motivo da compravenda, e garante ante IKEA que ostenta a titularidade da propiedade dos artigos en cuestión, así como que estes son aptos para a súa venda a terceiros por parte de IKEA.

RESPONSABILIDADE: IKEA declina calquera responsabilidade relacionada coa información que estea dispoñible fóra da web habilitada para este servizo e que non sexa xestionada directamente polo administrador da nosa web.

IKEA non será responsable en ningún caso de ningunha queixa, reclamación, acción, demanda nin sanción, nin dos danos ou prexuízos que puidesen ocasionarse relacionados cunha información incorrecta, errónea ou falsa do produto proporcionada polo VENDEDOR durante o proceso de valoración en liña en relación co ben obxecto da oferta.

PROTECCIÓN DE DATOS: IKEA IBÉRICA, S. A. U. será responsable dos datos persoais do VENDEDOR que recolla IKEA para a compra de artigos de segunda man. A finalidade do tratamento destes datos é a execución dun contrato, é dicir, xestionar a compra por parte de IKEA de produtos ofertados polo VENDEDOR. A base que lexítima o tratamento é a existencia dun contrato entre as Partes. Os datos proporcionados polo VENDEDOR conservaranse durante o tempo que sexa necesario a efectos de garantir o cumprimento das obrigas legais que corresponden a IKEA.

Os datos persoais poderán cederse á Administración Tributaria correspondente para o cumprimento das obrigas legais e non serán transferidos fóra de España.

O VENDEDOR pode exercer os dereitos que outorga a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais no domicilio social de IKEA mediante o formulario dispoñible na seguinte ligazón: <https://www.ikea.com/es/es/customerservice/privacy-policy/>. IKEA designou unha Delegada de Protección de Datos coa que o VENDEDOR pode contactar a través do correo electrónico tusdatos@ikea.com

PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELECTUAL: Todas as marcas, nomes comerciais ou signos distintivos de calquera natureza que aparezan no sitio web, nos produtos ou nos correos electrónicos son propiedade de IKEA, sen que poida entenderse que o seu uso ou o acceso a eles atribúan ao VENDEDOR ningún dereito sobre estes.

NULIDADE: A declaración de calquera destas condicións como nulas, inválidas ou ineficaces non afectará á validez e eficacia das restantes. A renuncia por calquera das Partes a esixir nun momento determinado o cumprimento de calquera das condicións estipuladas non implicará unha renuncia con carácter xeral ao cumprimento doutra condición ou condicións, nin creará un dereito adquirido para a outra Parte.

FORO: As discrepancias que poidan xurdir en relación coa interpretación ou o cumprimento das presentes condicións resolveranse segundo o dereito español, e os conflitos eventuais dirimiranse ante os Xulgados do domicilio do VENDEDOR.